

CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es

Anuncio de adxudicación

En cumprimento do disposto no artigo 151.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, faise pública a resolución de adxudicación por Decreto da Alcaldía de data 3 de decembro de 2012, por procedemento menor, da contratación da obra “Instalación de enerxía solar térmica e fotovoltaica no pavillón municipal”, co seguinte tenor literal:

“DECRETO 03/12/2012

Visto que con data 6 de setembro de 2012, por resolución do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e de acordo coa orde do 4 de maio de 2012 pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvencións de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva, destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, do Fondo de Compensación Ambiental, acordouse conceder a este concello unha subvención por importe total de 22.672,52 €, para o proxecto denominado “Instalación de enerxía solar térmica e fotovoltaica no pavillón municipal”, segundo o detalle que se indica a continuación:

Orzamento total investimentos	Importe total subvención	Porcentaxe de financiamento
28.340,65 €	22.672,52 €	0,80

Visto que mediante Providencia de Alcaldía de data 3 de decembro de 2012 foi acreditada a necesidade deste Concello de contratar a obra de “Instalación de enerxía solar térmica e fotovoltaica no pavillón municipal” cuxo prezo ascendería á cantidade de 23.422,02 euros e 4.918,63 euros de IVE.


Visto que con data 3 de decembro de 2012 emitíronse informes de Intervención e de Secretaría sobre a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato, a lexislación aplicable, o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Vista a documentación que consta no expediente, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación e autorizar na contía de 28.340,65 euros (IVE incluído) o gasto que representa para este Concello a contratación referenciada.

Segundo: Adxudicar o contrato menor relativo ás obras de “Instalación de enerxía solar térmica e fotovoltaica no pavillón municipal” á empresa **“BENITO BASTOS, S.A.”** con CIF A32023947, con domicilio a efectos de notificacións en A Illa s/n, Entrimo, por un importe de 23.422,02 euros e 4.918,63 euros de IVE.

Terceiro: Que o adxudicatario achegue a documentación seguinte:



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrino@eidolocal.es*

- Relación dos traballadores que serán ocupados na execución da obra e certificación da súa alta na seguridade social.

Cuarto: Comunicar este acordo á empresa adxudicataria.”

Entrimo a 3 de decembro de 2012.

O alcalde

Ramón Alonso López

